



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 14 DE NOVEMBRO DE 2014.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día 14 de novembro de dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz
- D. M. Javier Crespo González

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- ACORDOS**

Lese o escrito RE nº 6.668 de data 7 de novembro de 2014, presentado por BANCO DE SABADELL, S.A., con enderezo a efectos de notificacións na Praza de Cataluña, nº 1 de Barcelona, solicitando a reposición do cartel de nome da rúa que se colocou con motivo do 100 aniversario da Sociedade Pro-Monte na fachada do seu local sito na rúa Concepción Arenal, nº 75 esquina Pacífico Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado en canto sexa posible.

Lese o escrito RE 6.795 de data 13 de novembro de 2014, presentado por D. ABDUL SALAM DAOUD SALMAN, con enderezo na rúa Victoriano Perez Vidal, nº 54-1ºB de Salceda de Caselas, solicitando a baixa do posto que ten adxudicado no mercadillo municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado procedendo á súa baixa con data 13 de novembro de 2014.

Lese o escrito RE 6.768 de data 12 de novembro de 2014 presentado por D. FRANCISCO VILANOVA BARBOSA, con enderezo na rúa Galicia, nº 26-2º de A Guarda, solicitando que se tomen as medidas oportunas para evitar os problemas



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que están a sufrir pola apertura das portas traseiras dos locais Singular e As de Copas así como polo incumprimento dos horarios.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a Policía Local para que comprobe a veracidade dos feitos denunciados.

Lese o escrito RE 6.683 de data 10 de novembro de 2014, presentado por D. JOSÉ ANGEL MARTINEZ BARBOSA, en representación da Asociación Cultural Comisión de Festas de San Cayetano, e domicilio na Carretera de Circunvalación, nº 85 da Guarda, solicitando:

- Permiso para celebrar a romería de Santa Catalina os días 29 e 30 de novembro.
- Limpeza de rúas e prazas polas que transcurre a procesión.
- Limpeza da Fonte de Santa Catalina e adecentamento do camiño que sube hacia a Cruzada.
- Presenza da Policía Local o día 30 de novembro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Visto o Plan de práctica laboral nos concellos da Provincia de Pontevedra posto en marcha pola Deputación Provincial de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local acorda participar no mesmo cos seguintes perfiles de bolseiros:

- Licenciatura/Grao en Xornalismo
- Licenciatura/Grao en CC. da Actividade Física e do Deporte.
- Enxeñería Técnica en Informática de Xestión.
- Ciclo Superior en Animación Sociocultural e Turística.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do concello de data 5 de novembro de 2014 comunicando o auto e dilixencia ditados o 3 de novembro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra na peza separada de execución de setenza nº 58/09-C dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 301/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda pola que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a Poallo, S.L.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada con contido do auto e dilixencia de 3 de novembro, e acorda non interpoñer recurso algún e levar a cabo os trámites tendentes a proceder á demolición da vivenda obxecto deste procedemento, remitíndolle ó xulgado o informe do inicio da mesma.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 5 de novembro de 2014 comunicando as resolucións ditadas o 9 de setembro de 2014 pola Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística en tres expedientes inadmitindo os requerimentos previos formulados por este Concello contra outras tantas resolucións de dito organismo polas que se decide que é o Concello da Guarda o órgano competente para adoptar as medidas de restauración da legalidade urbanística porque as obras deste expediente, ó non ser obxecto de intervención municipal a través a licenza municipal e sí de comunicación previa, non poden considerarse comprendidas no acordo adoptado polo Consello executivo da mencionada axencia en sesión celebrada o pasado 27.07.2014 polo que se decidiu interpretar, en relación a unha reclamación do concello de Nigrán, que as obras suxeitas a comunicación previa non están incluídas no ámbito de delegación de competencias do convenio de adhesión.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido das resolucións sinaladas no parágrafo anterior e acorda entablar recurso contencioso-administrativo contra as resolucións ditadas o 9 de setembro de 2014 pola Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística en tres expedientes inadmitindo os requerimentos previos formulados por este Concello contra outras tantas resolucións de dito organismo polas que se decide que é o Concello da Guarda o órgano competente para adoptar as medidas de restauración da legalidade urbanística porque as obras deste expediente, ó non ser obxecto de intervención municipal a través a licenza municipal e sí de comunicación previa, non poden considerarse comprendidas no acordo de delegación de competencias efectuada, así como tamén contra o acordo adoptado polo Consello executivo da mencionada axencia en sesión celebrada o pasado 27.07.2014 polo que se decidiu interpretar, en relación a unha reclamación do concello de Nigrán, que as obras suxeitas a comunicación previa non están incluídas no ámbito de delegación de competencias do convenio de adhesión. Asimesmo contra a desestimación presunta do requerimento previo formulado contra a resolución ditada pola Xefa do Servizo Provincial da APLU de data 17.07.2014 pola que se decide que, en relación ó expediente nº 107 A 2012/110-4, designando o correspondente Letrado para que asuma a representación e defensa do Concello ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.

Lese o escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 29 de outubro de 2014, comunicando a sentenza ditada o 9 de outubro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 325/14 entablado pola Entidade Mercantil MERCASELCA, S.L., contra a resolución do Concello da Guarda do 3 de outubro de 2013 pola que se desestimaba a devolución do ICIO presentada pola demandante así como á resolución do 11 de setembro de 2014 pola que, revocando o anterior, reconece parcialmente o solicitado pola actora.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica do 9 de outubro de 2014 e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia no expediente e ós departamentos de Intervención e Tesoureiría para que procedan ó pago á entidade Mercaselca, S.L.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

da cantidade de 18.082,75 euros máis os intereses legais desde que se formulou a solicitude de devolución de dita suma.

Lese o escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 29 de outubro de 2014 informando sobre o recurso de casación en interés de Lei acordado en Xunta de Goberno Local de 28.05.2014 a entablar contra a sentenza ditada o 7 de maio de 2014 pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 7024/2014 entablado polo Concello de A Guarda contra a sentenza ditada o 5 de decembro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 304/12 entablado pola COMUNIDAD HEREDITARIA DE D. IGNACIO ALVAREZ ALVAREZ contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda o 19 de outubro de 2007 derivada da anulación de licenza de obras por sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra confirmada en apelación pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada deste informe e do feito de que non se entablou recurso de casación porque era improsperable.

Lese o escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 14 de novembro de 2014 comunicando o auto ditado o 7 de novembro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza de inexecución de sentenza nº 102/2002, promovida polo Concello da Guarda e dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 102/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde e contra o acordo da Xunta de Goberno Local da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. José Angel Verde Moreira.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto que se comunica dando traslado do mesmo á Oficina Técnica para a súa constancia no expediente. Asimesmo acorda entablar recurso de apelación contra este auto.

Lese o escrito RE 6.541 de data 05 de novembro de 2014 presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>.J.M.G., con enderezo na rúa Calvario, nº 13-2º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Calvario, nº 13-2º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 5.042 de data 2 de setembro de 2014 presentado por D. A.G.A., con enderezo na rúa Barreira-O Castro, nº 26 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Barreira - O Castro, nº 26.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.893 de data 25 de agosto de 2014 presentado por D<sup>a</sup>. J.G.C., con enderezo na rúa 1<sup>a</sup> Transv. Roda, nº 8 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 1<sup>a</sup> Transv. Roda, nº 8.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 5.104 de data 4 de setembro de 2014 presentado por D<sup>a</sup>. B.R.M., con enderezo na rúa Rosal-Molino de Abajo, nº 6-baixo B da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Rosal-Molino de Abajo, nº 6-baixo B.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de J.F.A. a partir do 14/10/2014 por 12 horas mensuais ata o 31/12/2014.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de R.J.L.T. a partir do 27/10/2014 por 30 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo ó aumento de número de horas concedida con cargo a dependencia de R.J.L.T. a partir do 29/10/2014 pasando a 44 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo ó aumento de número de horas de prestación do servizo de axuda no fogar de G.G.R. a partir do 20/10/2014 pasando a 70 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo ó aumento de número de horas concedida con cargo a dependencia de M.G.L. a partir do 23/10/2014 pasando a 70 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

Lese o escrito RE 6.063 de data 16 de outubro de 2014, presentado por D. ARTURO MORENO TRIGO, en representación de DNA. FLORINDA CORREA PEREZ, con enderezo na rúa Maceiras, nº 4 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga do 2º trimestre de 2014 do obxecto tributario 2º Transversal José Antonio Lomba 0 por un erro na lectura do contador.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo nº 140065836 de consumo de auga do 2º trimestre de 2014 do obxecto tributario 2º Transv. José A. Lomba 0 e que se emita un novo mpola media ponderada.

Lese o escrito RE 6.308 de data 27 de outubro de 2014, presentado por DNA. EVA GONZÁLEZ LOPEZ, en representación de BRINCADEIRA, con enderezo social na rúa Manuel Álvarez, nº 9-baixo da Guarda, presentando o seu proxecto de actividades de nadal e solicitando a colaboración do Concello para levalo a cabo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que agradecen a proposta pero que a programación do nadal xa está pechada.

Lese o escrito RE 3.718 de data 26 de xuño de 2014, presentado por D. SILVIO RODRIGUEZ PORTELA, con enderezo a efectos de notificacións na habitación nº 105 da Residencia Monte Santa Tecla de Camposancos – A Guarda, solicitando a



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

anulación do recibo de consumo de auga do 1º trimestre de 2014 do obxecto tributario Riás, nº 7 debido a un erro na lectura.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo de consumo de auga do 1º trimestre de 2014 do obxecto tributario Riás, nº 7 e que se emita un novo polo consumo mínimo.

Lese o escrito RE 6.367 de data 29 de outubro de 2014, presentado por DNA. Iris Gómez Alfonso, Presidenta do Consello Escolar do CEIP AS SOLANAS - NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO, solicitando ó mantemento e pintado galvanizado do vaiado exterior do edificio de Educación Primaria.

A Xunta de Goberno Local acorda que xire visita ó centro o Concelleiro Delegado de Educación.

Dase conta das incidencias do mes de xuño de 2014 correspondentes ao copago de SAF con cargo á libre concurrencia da seguinte persoa:

- J.L.A.

Dase conta das incidencias do mes de xuño de 2014 correspondentes ao copago de SAF con cargo á dependencia das seguintes persoas:

- H.M.P.
- C.M.M.V.

Dase conta das incidencias do mes de xullo de 2014 correspondentes ao copago de SAF con cargo á dependencia das seguintes persoas:

- H.M.P.
- C.M.M.V.

Dase conta das incidencias do mes de xullo de 2014 correspondentes ao copago de SAF con cargo á libre concurrencia da seguinte persoa:

- J.L.A.

### **PUNTO 2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 5.045/2014. D. LUIS ANTONIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, PARA REPARAR OS ALEIROS DA CUBERTA NUNHA LONXITUDE DE 30 ML. PARA EVITAR HUMIDADES, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A PORTELA Nº. 16, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.824/2014.- D. ERNESTO TORRES CASTRO, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 35,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA DO PAIS E BARROTILLOS DE MADEIRA E SUBSTITUIR POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE DE CORREAS PREFABRICADAS DE FORMIGÓN, SITO NA RÚA DE LADA BUXÁN Nº. 18, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.099/2014. D<sup>a</sup>. FELICIDAD LOMBA GONZÁLEZ, PARA PECHE LATERAL CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 14,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 0,80 MTS., REALIZADO CON MURETE DE FORMIGÓN DE 15 CMS. DE ESPESOR, SITO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 82 (PARCELA Nº. 335 DO POLÍGONO Nº. 30), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "AS CACHADAS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.993/2014. D<sup>a</sup>. SOFIA ESTÉVEZ VICENTE, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 185,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICCIÓN EXISTENTE POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO INOXIDABLE E PEGADA CON ESPUMA DE POLIURETANO, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CIRCUNVALACIÓN Nº. 168, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "FONTEQUENTE" (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.683/2014. D. RICARDO DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, PARA REPARAR PISO DE PATIO NUNHA SUPERFICIE DE 8,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRADO DO PISO ACTUAL, IMPERMEABILIZACIÓN CON LAMINA SBS ELASTÓMERO, E PISO NOVO CON BALDOSA GRES ANDESLIZANTE, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 54, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

### **PUNTO 3- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:

EXPEDIENTE: 5.013/2014.- NURIA FERNANDEZ BREY, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL PARA SALÓN DE BELEZA SITO NA RÚA TOMIÑO, Nº 9-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### PUNTO 4.- OBRAS MAIORES

---

#### EXPEDIENTE NÚMERO: 4.405/2014.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 18-06-2010 (R.E. n.º. 4.405), por **VIRRECAR, S.L.** con C.I.F. n.º. B-94.014.487 representado por **D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN VILLA CARRERO** con D.N.I. n.º. 35.808.940-X e con domicilio na rúa de Bouzo n.º. 7-1º de A Guarda-C.P. 36780, para "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CAFÉ-BAR" sito na rúa de Pacífico Rodríguez n.º. 7-baixo, en Solo Urbano (Ordenanza n.º. 1 do P.X.O.U.), subscrito polos Arquitectos D. José Ignacio Peña Chocarro e D. Ricardo García Ballesteros.

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico de data 14-09-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 22-09-2010, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 14 de novembro de 2014 **RESOLVE**:

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **VIRRECAR, S.L.** representado por **D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN VILLA CARRERO**, licenza para "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CAFÉ-BAR" sito na rúa de Pacífico Rodríguez n.º. 7-baixo, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destinala construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **PUNTO 5.- COMUNICACIÓN PREVIA LICENCIAS DE APERTURA**

---

#### **Exp. N° 5.115/2014 de data 04.09.2014.-**

Vista a comunicación previa feita por D. JOSÉ MIGUEL PEREZ NOGUEIRA, con enderezo na rúa Forno do Duque, n° 18 da Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS DE PERFUMERÍA E COSMÉTICA (Epíg. 652.3) no local sito na rúa Galicia, n° 26 – baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 11 de novembro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a JOSE MIGUEL PEREZ NOGUEIRA licenza municipal n° 30/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR PRODUCTOS DE PERFUMERÍA E COSMÉTICA (Epíg. 652.3) situado na rúa de Galicia, n° 26-baixo.

#### **Exp. N° 5.640/2014 de data 30.09.2014.-**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Vista a comunicación previa feita por D<sup>a</sup>. ELVIRA GONZALÉZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Transv. Troncoso, nº 3-baixo da Guarda, para inicio de actividade de PERSOAL DOCENTE DE ENSINANZAS DIVERSAS - CENTRO DE YOGA (Epíg. 826) no local sito na rúa Transv. Troncoso, nº 3-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 13 de novembro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D<sup>a</sup>. ELVIRA GONZÁLEZ GONZÁEZ licenza municipal nº 31/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de PERSOAL DOCENTE DE ENSINANZAS DIVERSAS (Epíg. 826) situado na rúa de Transv. Troncoso, nº 3-baixo.

### **Exp. Nº 6.471/2014 de data 03.11.2014.-**

Vista a comunicación previa feita por D<sup>a</sup>. NURIA FERNANDEZ BREY, con enderezo na rúa Urbanización San Telmo de Saa, nº 12-B da Guarda, para inicio de actividade de SALÓNS E INSTITUTOS DE BELEZA (Epíg. 972.2) no local sito na rúa Coruña, nº 9-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 14 de novembro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D<sup>a</sup>. NURIA FERNANDEZ BREY licenza municipal nº 32/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de SALÓNS E INSTITUTOS DE BELEZA (Epíg. 972.2) situado na rúa de Coruña, nº 9-baixo.

## **PUNTO 6.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA**

### **Exp. Nº 2.717/2014 de data 20.05.2014.-**

Vista a comunicación previa feita por D. ROBERT JOSE NOYA ARTIGAS, con enderezo na rúa Enrique María Sesto, nº 8-2º da Guarda, para cambio de titularidade da actividade de COMERCIO MENOR DE LIBROS, PERIÓDICOS, REVISTAS (Epíg. 659.4) no local sito na rúa do Porto, nº 14-baixo que antes figuraba a nome de YENMI SOLEDAD NOYA ARTIGAS, e visto o informe favorable de data 7 de novembro de 2014 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. ROBERT JOSÉ NOYA ARTIGAS cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de YENMI SOLEDAD NOYA ARTIGAS para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE LIBROS, PERIODICOS, REVISTAS (Epíg. 659.4) sito na rúa do Porto, nº 14-baixo de A Guarda.

*Sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*